

Francisco de Goya

Francisco de Goya (1746-1828) é un dos artistas españois máis importantes e máis recoñecidos a nivel internacional. A súa arte supón o comezo da pintura contemporánea, e considérase precursor das vangardas pictóricas do século xx. Os seus cadros ofrecen trazos dos distintos movementos artísticos da súa época.



Antonio Gaudí

Antonio Gaudí (1852-1926) é o arquitecto máis destacable do modernismo español. O seu estilo caracterízase pola mestura de elementos propios doutros movementos artísticos e polo uso das liñas curvas. A súa obra tivo unha gran difusión internacional e atópase principalmente na cidade de Barcelona.



A CIENCIA E A INVESTIGACIÓN NO SÉCULO XIX

O desenvolvemento científico en España foi limitado durante o século xix. Este atraso débese, fundamentalmente, á escaseza de medios e axudas por parte do Goberno, así como á censura da Igrexa, preocupada polo control do ensino. Con todo, atopamos grandes achegas, como a de **Santiago Ramón y Cajal**, co seu estudo do sistema nervioso; **Narciso Monturiol**, inventor do submarino *Ictíneo*, e **Isaac Peral**, creador do submarino torpedeiro.



17. Confecciona un esquema cos aspectos máis sobresaíntes dos movementos artísticos do século xix en España.
18. Busca en Internet *O monte das ánimas*, unha das lendas escritas por Bécquer. Unha vez lida, redacta un resumo coas túas propias palabras. Reflicte esta lenda as características propias do Romanticismo? Razoa a túa resposta.
19. Mediante a técnica de traballo cooperativo **Estrutura 1-2-4**, investigade en Internet sobre algún dos artistas que estudamos: Goya, Sorolla, Gaudí etc. Deseñade unha presentación que inclúa unha pequena recensión sobre o autor escollido e imaxes das súas principais obras. Expoñédeas ante o resto dos compañeiros da clase.
20. Busca información en Internet sobre as características dos sumerxibles de Monturiol e Isaac Peral, e elabora unha breve ficha cos elementos que che chamen máis a atención.